

## ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/29	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de agosto de 2024
Duración	Dende as 13:19 ata as 13:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 23.08.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 23 de agosto de 2024.

**Expediente 1864/2022. Subvencións Directas ou Nominativas PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Acta da Comisión de valoración do programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda, de data 23 de agosto de 2024 que obra no expediente, na que se acorda:

- Realizar o segundo pago da subvención por tela xustificada de acordo coa Base 4ª DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023, ás seguintes persoas beneficiarias:

Sra. Edilena de Oliveira Amorín, propoñer a aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 300€

Sr. Javier Alfredo Pujol propoñer a aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 225€

Sra. Julieta Rominta López Dovek, propoñer a aprobación do segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€.

- Requirir a Sra. Estefanía Fernández Míguez, revisada a documentación que aporta en contestación ao requirimento de data 10/06/2024, os anexos VI e VII e xustificantes de pago.

- Iniciar expediente de reintegro, por falta de xustificación da subvención ao Sr. Daniel Ángel Buzán, e ao Sr. David Louzao Rey

Revisados os expedientes da concesión de subvención aos Srs. David Louzao Rey e Daniel Ángel Buzán e comprobada a falta de documentación xustificativa das subvencións concedidas, propónse iniciar sendos procedementos de reintegro a:

Sr. David Louzao Rey, propoñer que se inicie o procedemento de reintegro, tras non ter xustificada a subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno local celebrada o 14/11/2023 por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

Sr. Daniel Ángel Buzán, propoñer que se inicie o procedemento de reintegro, tras non ter xustificada a subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno local celebrada o 14/11/2023, por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, parado de longa duración e apertura de local.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o segundo pago da subvención ás seguintes persoas beneficiarias:

Sra. Edilena de Oliveira Amorín, segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 300€

Sr. Javier Alfredo Pujol, segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 225€

Sra. Julieta Rominta López Dovek, segundo pago da subvención, 25% total, por importe de 600€

**SEGUNDO.-** Requirir a Sra. Estefanía Fernández Míguez, revisada a documentación que aporta en contestación ao requirimento de data 10/06/2024, os anexos VI e VII e xustificantes de pago.

**TERCEIRO.-** Iniciar expediente de reintegro, por falta de xustificación da subvención ao Sr. Daniel Ángel Buzán, e ao Sr. David Louzao Rey

Revisados os expedientes da concesión de subvención aos Srs. David Louzao Rey e Daniel Ángel Buzán e comprobada a falta de documentación xustificativa das subvencións concedidas, acórdase iniciar sendos procedementos de reintegro a:

Sr. David Louzao Rey, inicio do procedemento de reintegro, tras non ter xustificada a subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno local celebrada o 14/11/2023 por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

Sr. Daniel Ángel Buzán, inicio do procedemento de reintegro, tras non ter xustificada a subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno local celebrada o 14/11/2023, por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, parado de longa duración e apertura de local.

**Expediente 1009/2024. ADJUDICACIÓN CONTRATO DE SUBMINISTRO DENOMINADO: "ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE" -HERMANOS VILLAR**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

I.- Vista a necesidade de contar con nova maquinaria por parte do persoal de obras e servizos.

II.- Vistas a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición ese establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

III.- Visto o Programa Mais Provincia da Deputación de Pontevedra, ao abeiro do que tamén existe

concesión de subvención para a cofinanciación.

IV.- Vista a Memoria denominada ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORAPOLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E ESPAZOSNATURAIS

V.- Vistas as concesións das subvencións tanto por parte da Xunta de Galicia como da Deputación.

VI.- Visto que o valor estimado do contrato ascende a 27.850 euros, podendo acudir ó procedemento aberto simplificado abreviado.

VII.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 05 de xullo de 2024 no que se inicia o procedemento de contratación e se solicita a redacción dos pregos.

VIII.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeran esta contratación e que obran no expediente 1009/2024 de este Concello.

IX.- Visto o informe de Secretaría asinado o 24/07/2024.

X.- Visto o informe de Intervención asinado o 24/07/2024.

XI.- Vista a sesión da Xunta de Goberno Local de 26 de xullo de 2024, na que se acorda:

**PRIMEIRO.** *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación abreviada, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato de SUBMINISTRO denominado: “ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE”.*

**SEGUNDO.** *Autorizar, pola contía de 33.698,50 € (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda para 2024 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.*

**TERCEIRO.** *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de subministro “ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE”, por procedemento aberto tramitación simplificada abreviada (art. 159.6 LCSP 2017), oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*

**CUARTO.** *Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.*

**QUINTO.** *Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.”*

XII.- Vistas as actas da Mesa de contratación que obran no expediente de este Concello nº 1009/2024, e facendo mención expresa á última acta que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 1009/2024

**ASUNTO:** CONTRATO DE SUBMINISTRO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE” A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 30 de agosto de 2024 ás 09:30 horas,

**Tipo de contrato:** Contrato de Subministro

**Forma de adxudicación:** Procedemento aberto simplificado.

**Obxecto do contrato:** “ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE”

*Membros asistentes:*

**PRESIDENTA**

*D. Paula Mª Fernández Pena, Alcaldesa, que se absteñ de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.*

**VOCAIS**

*D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación*

*D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación*

*D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación*

**SECRETARIO**

*D. Julio Méndez Castro, tesoureiro da Corporación, non asiste por estar no seu periodo de vacacións polo que redactará a acta D. Déborah García Suárez, no seu lugar.*

*A Mesa de contratación na súa reunión do 21 de agosto de 2024, declara admitida a única proposta presentada:*

- **HERMANOS VILLAR A.U., S.L. - CIF: B36180750**

*Non se formula ningunha reclamación polo que se levou a cabo a apertura do SOBRE ÚNICO. Comprobada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación procede á lectura da oferta económica presentada co seguinte resultado:*

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL	OFERTA MELLORA
HERMANOS VILLAR A.U., S.L. CIF: B36180750	25.210,00 €	5.294,10 €	30.504,10 €	Si, oferta 3 anos máis de garantía

*A Mesa de contratación valora a oferta presentada, outorgándose a puntuación que se expresa a*

continuación:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORA OFERTADA	PUNTUACIÓN TOTAL
HERMANOS VILLAR A.U., S.L. CIF: B36180750	80,57	3,75 x ano extra de garantía 11,25	91,82

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, acordou requirir a HERMANOS VILLAR A.U., S.L. - CIF: B36180750 por obter a mellor puntuación, para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación a documentación sinalada na Cláusula 26 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

O 29 de agosto de 2024 con rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-1299, a empresa HERMANOS VILLAR A.U., S.L., responde correctamente ó requirimento efectuado.

A Mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes mostra a súa conformidade coa documentación presentada e acorda:

PROPOÑER ó órgano de contratación como empresa adxudicataria do contrato de subministro “**ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**” a HERMANOS VILLAR A.U., S.L. - CIF: B36180750, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas á licitación.

A presidenta da por rematada a reunión ás 10:00 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, D. Déborah García Suárez, actuando como secretaria da Mesa de contratación, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

VºBº.

A Secretaria

Déborah García Suárez

A Presidenta

Paula Mª Fernández Pena”

**XIII.-** Visto o informe de Intervención asinado o 30/08/2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a HERMANOS VILLAR A.U., S.L. - CIF: B36180750, o contrato de subministro denominado “**ADQUISICIÓN DE REMOLQUE E TRITURADORA POLIVALENTE LATERAL PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**”, por un prezo de **25.210,00 €**, ao que corresponde por IVE a contía de **5.294,10 €**, totalizándose a oferta en **30.504,10 €**, o ser a empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa.

Comprometéndose a executar a mellora recollida no prego de cláusulas administrativas, relativa a:

Mellora única: **AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA**

Oferta a ampliación de garantía en 3 anos adicionais.

**SEGUNDO.-** Dispor o gasto por importe de **30.504,10 €** con cargo á aplicación 172-624 do orzamento prorrogado para o exercicio 2024.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **HERMANOS VILLAR A.U., S.L. - CIF: B36180750**, adxudataria do contrato, indicaráselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

**CUARTO.-** Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**Expediente 213/2024. Devolución garantía definitiva Lotes 1 y 2 “CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 ”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O 25 de xuño de 2024 con Rexistro de Entrada neste Concello n.º 2024-E-RE-1008, Dona **Rosa Mar Caamaño Alvite** con D.N.I. 78794868-L presenta escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024 ”**, LOTE 1 e LOTE 2.

O 24 de xuño de 2024 resólvese o contrato de mutuo acordo sen culpa do contratista. Dita resolución recollía na cláusula TERCEIRA que procede *“á devolución da garantía constituída polo contratista, pois o tratarse dunha resolución de mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao válidamente estipulado por elas.”*.

Así, de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a **garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;**

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a devolución da garantía definitiva presentada por **Rosa Mar Caamaño Alvite** mediante transferencia bancaria por importe de:

- 1.015,00 € correspondentes ó LOTE 1

- 551,25 € correspondentes ó LOTE 2

presentada para o contrato de servizos denominado “**CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024**”.

**SEGUNDO.-** Poñer en coñecemento do presente acordo ós departamentos de Intervención e Tesourería.

**TERCERO.-** Notificar ao interesado o presente acordo.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**